

## CASO PRÁCTICO 2

*Vostede é axente de extensión pesqueira dunha zona da costa galega na que se atopa unha determinada confraría concesionaria dunha lonxa, pertencente a un municipio que depende economicamente do sector pesqueiro e que está nunha comarca con baixa densidade de poboación, na que se dan as seguintes circunstancias:*

Trátase dunha zona con litoral rochoso na que traballan percebeiros dentro dun plan de explotación de percebe a pe e dende embarcación. Este colectivo está organizado nunha agrupación sectorial.

Os percebeiros son o único sector de marisqueo que ten a confraría, o resto é pesca de baixura. Os mariscadores de a pe están en constante conflito cos de a flote, posto que armadores e tripulantes non respectan o plan de explotación e as normas de réxime interno da agrupación. De feito os mariscadores de a pe foron os que iniciaron o proceso organizativo do sector e actualmente son os máis implicados no cumprimento das normas.

O prezo que acada o percebe non é moi elevado en relación cos prezos medios de venda en Galicia e por este motivo moitos dos percebeiros extraen unha maior cantidade de percebe, sobrepasando os topes de capturas establecidos ao abeiro do plan de explotación.

Así mesmo, algúns dos mariscadores, ao ver que os prezos do seu produto son baixos, intentan vender o percebe de forma individual aos compradores, que se aproveitan desta situación.

Por outra banda, hai moito tempo que existe un conflito entre os percebeiros e os titulares de concesións administrativas de viveiros de cultivo de mexillón, pola recollida de semente de mexillón.

Os titulares das concesións teñen licenza para extraer a semente de mexillón en toda Galicia e na súa extracción, segundo a opinión dos percebeiros, danan ó percebe, posto que as especies crían xuntas e ao coller a semente de mexillón pódese tamén coller o percebe.

Noutro ámbito de actuacións e despois de falar con diferentes persoas desta poboación, detéctase que hai un grupo de familiares de percebeiros con boas ideas para establecer negocios que dinamicen a zona, pero non atopan o financiamento axeitado.

*Á vista da situación descrita, ¿qué actuacións debería de levar a cabo no seu traballo como axente de extensión pesqueira?*